

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Domingo, 12 Xullo 2015 21:30



Unha [reestruturación de persoal e as súas áreas de distribución](#) deixa aos carteiros da bisbarra nunha relación de 1 cada 2000 habitantes de media. O dobre do recomendado para unha cobertura diaria e axeitada, segundo fontes sindicais. Por riba, dúas zonas rurais en Baiona e Oia antigamente cubertas cun carteiro cada unha, agora foron incluídas nos responsables doutras áreas. A maiores o ente Correos non prevé substituír as ausencias de persoal por vacacións ou baixas durante o verán con novas contratacións. Neste contexto, o persoal do centro de distribución da Ramallosa sairá este luns á rúa para manifestar o seu rexeitamento ao novo plan da empresa para a zona. A protesta non afectará as tarefas ao público pois desenvolveranse no espazo libre que goza o persoal ás 9 horas . Os traballadores percorreren o mercado de Sabarís.

Na actualidade o centro de reparto comarcal conta con 29 carteiros e 2 xefes de unidade segundo datos achegados polo sindicato. Dous menos dos que tiña antigamente e que o "Estudo de dimensionamento da Unidade de Distribución de Val Miñor" que está a aplicar Correos dende o pasado 1 de xuño prevé manter, cunha redistribución das áreas e quilometraxe de cada reparto. A medida provoca unha sobrecarga "difícilmente asumible", as veces co engadido da cobertura doutra zona extra se o responsable está de baixa o vacacións, segundo declaracións a este medio de Eusebio Cousillas Fontán (CCOO), secretario provincial do sindicato postal.

A contratación de novo persoal non está no horizonte deste verán, polo que a bisbarra, a pesar dos reclamos sindicais contará co mesmo cadro na unidade de reparto. Polo que o sindicato advirte que poderán suceder atrancos na chegada da correspondencia ás zonas urbanas e rurais de Baiona, Gondomar e Nigrán.

As mobilizacións conta co apoio dos cadros das oficinas de recepcións dos tres concellos miñoranos. Outra área, que segundo o sindicato tamén sofre problemas pola falla de persoal e contratos de substitucións. De momento Baiona mantén 3 persoas nas súas oficinas, o mesmo número Nigrán e 2 Gondomar. Cadros, que segundo o sindicato, "son solidarios e acompañan coas protestas" dos seus compañeiros da unidade de reparto na Ramallosa.

Os carteiros volven este luns ás rúas para reclamar máis persoal no Centro de Reparto do Val Miñor.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Domingo, 12 Xullo 2015 21:30

A nivel do Estado estanse mantendo conversacións entre dirección e traballadores na procura de solucións ao problema da falla de persoal, segundo Cousillas. Igualmente no horizonte próximo, debido á lexislación en vixencia amosa difícil unha solución a curto prazo. Ademais da mobilización de mañá, sobre a rúa Xulián Valverde, están previstas protestas na zona do mercado de Sabarís tamén para os días 20 e 27 deste mes.